


En atención á comunicación recibida dese Comité de Empresa con data 18 de marzo de 2013, e de acordo cos artigos 87 e seguintes do vixente Estatuto dos Traballadores, comunícolle que co obxecto de iniciar as negociacións para a aprobación do novo Convenio Colectivo do PAS Laboral da UDC, procede a constitución da comisión de negociación solicitada, da que poderían formar parte un representante de cada un dos sindicatos que integran actualmente o Comité de Empresa, máis o delegado sindical da CUT.

Para a constitución da Comisión negociadora proponse a celebración dunha xuntanza, entre os representantes que designen os Sindicatos e a representación da Xerencia da UDC, o vindeiro martes 16 de abril, ás 12 horas na sala de xuntas núm. 1 da Reitoría.

Atentamente

A Coruña, 10 de abril de 2013

O xerente




Juan M. Díaz Villoslada

SR. PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA DO PAS LABORAL
SR. DELEGADO SINDICAL DA CUT



Comité de Empresa do PAS Laboral

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Sr. xerente,

Ante o próximo vencemento do Convenio Colectivo cremos que é urgente abordar unha negociación e aprobación do mesmo para que non perda a súa vixencia.

O comité de Empresa do PAS laboral da UDC acordou por unanimidade promover a creación dunha **comisión negociadora** da que formen parte todos o sindicatos que acadaron representatividade nas últimas eleccións ao Comité de Empresa. Na última reunión entre a Xerencia e o Comité de Empresa falouse da conveniencia de solucionar este asunto coa máxima prioridade.

Por todo isto solicitámoslle, que convoque a todos os sindicatos que acadaron representatividade nas últimas eleccións, a unha xuntanza para a constitución de dita comisión e comezar a negociación do Convenio Colectivo o máis axiña posible.

A Coruña, 18 de marzo de 2013

O Presidente do Comité de Empresa

Enrique J. Pena Pérez

Sr XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA